


Hemeroteca



CONTRA OS ATAQUES Ó GALEGO ■ CRÍTICAS

Xulgados sen normalizar

24.04.2009 Denuncian que o uso do galego na Administración de Xustiza é "marxinal" até o punto de que só o 3,5% das resolucións xudiciais están redactadas na lingua do país

EFE/REDACCIÓN . SANTIAGO

O uso do galego na Administración de Xustiza "é marxinal", até o punto de que unicamente o 3,5% das resolucións xudiciais están redactadas nese idioma, segundo o voceiro de Xuíces para a Democracia en Galicia, Luis Villares.

Unha das grandes excepcións é o xulgado lucense da Fonsagrada, onde exerce como xuíz Luís Villares, que realiza algo máis do 90% do seu traballo en galego.

Os interrogatorios, resolucións ou peritaxes na Fonsagrada, unha comarca eminentemente rural da montaña de Lugo, realízanse en galego, aínda que, como demostran os datos da Consellería de Presidencia, é unha excepción.

A pesar de que o noventa por cento dos xuíces son galegos, este idioma apenas se utiliza nos xulgados da Comunidade, e, fóra da Fonsagrada, o seu uso só está xeneralizado no Xulgado de Instrución número 4 e no do Social número 1 de Santiago; no Xulgado número 1 de Caldas; Xulgado de Violencia de Xénero de Vigo; Sección Segunda da Audiencia Provincial de Pontevedra; Xulgado número 1 de Marín, e Xulgado do Penal número 2 de Vigo.

Todos os demais realizan a práctica totalidade dos seus trámites en castelán, cuestión na que tamén inflúe a falta de medios axeitados, xa que Villares asegura que non existen códigos en galego ou que dos 8.000 elementos de aplicación informática, só 2.000 están traducidos ao galego.

É necesaria unha maior formación profesional

Este xuíz denuncia así mesmo a escasa formación profesional que se dá en Galicia para que a xente implicada na Administración de Xustiza "poida ter retórica en galego". Villares sostén que a formación idiomática é algo que debería asumir "como propia" a Consellería de Presidencia, xa que é este departamento da Xunta o que dispón dos datos da baixa utilización do galego.

Incluso advirte como a xente "ten medo" a utilizar o galego nos xulgados aínda nos casos nos que é a súa lingua habitual, "porque teñen a crenza de que diante da Xustiza non se pode falar en galego", sostivo.

"Que ninguén deixe de falar galego ó entrar nun xulgado"

Malia estas consideracións, Villares di que non queren "atraer ninguén" para o galego, senón que "non deixen de falalo cando atravesen a porta dun xulgado e que se reflecta a normalidade da convivencia que existe entre as dúas linguas".

Incluso lamenta que algúns organismos oficiais tales como o Sergas tampouco utilicen o galego ante a Xustiza. "O feito de que só o 3,5% das resolucións se ditén en galego, chamárame a reflexionar se eu fose presidente da Xunta", concretou.

A situación é tal que o domingo pasado, con motivo do nomeamento do xuíz Xosé Xoán Barreiro como fillo predilecto de Foz (Lugo), se deu lectura ao que se coñece como a Declaración de Foz, onde xuíces, fiscais ou avogados preconizan a defensa e a utilización do galego en todos os ámbitos da vida xudicial.

HOXE

[Vivir Hoxe Galicia](#)[Vivir Hoxe Aulas](#)[Vivir Hoxe Sociedade](#)[Política Galicia](#)[Política España](#)[Política Mundo](#)[Economía](#)[Deportes](#)[Maré](#)[En rede](#)[Comunicación](#)[A Contra](#)[Opinión](#)